Deputación de A Coruña

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN/XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN

Número de registro de entrada/Número de rexistro de entrada: 202100000000237

Fecha y hora/Data e hora: 14 de enero de 2021 13:15

Órgano origen/Órgano orixe:

Interesado/Interesado

NIF/NIE/CIF:

CCOO SECCION SINDICAL DA DEPUTACION DE A CORUÑA

Código postal/ Código postal: 15008

País/País:

Teléfono/ Teléfono:

Dirección/ Enderezo: AV CADIZ, 5, Coruña (A), A Coruña

Municipio/ Concello:

Provincia/ Provincia:

Correo electrónico/Enderezo electrónico:

Información del registro/Información do rexistro

Asunto/ Asunto: SOLICITUD

Resumen/ Resumo: S/ ESTABLECMENTO TELETRABALLO TOTAL PARA TODO O PERSOAL DA DEPUTACION

Documentos anexos/Documentos anexos

Nombre/Nome
Solicitude.pdf

Se extiende el presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos./ Exténdese o presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos.

14/01/2021 13:16:16

Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

SOLICITUDE

César Santiso Corral, con DNI 32799972V, portavoz de CCOO na Mesa Xeral da Deputación Provincial da Coruña, en nome e representación da Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato Comisións Obreiras de Galicia

EXPÓN

- Que dende que comezou a crise sanitaria defendemos que o traballo a distancia é a principal medida de protección da saúde do persoal e da cidadanía, polo que SEMPRE pulamos por aplicar o 100% de teletraballo en todos os casos nos que se poida manter a calidade dos servizos á cidadanía e aos concellos

- Que na actualidade atopámonos na terceira ola e que os expertos prognostican que será máis dura que a segunda

- Que o Goberno galego aplica os protocolos máis altos de protección da saúde, diante da gravidade da situación, incidindo en aplicar o teletraballo, sempre que sexa posible

- Que a Deputación da Coruña pode ampliar o teletraballo mantendo a calidade dos servizos como avalan diversos informes de seguimento do traballo a distancia desenvolvido durante o confinamento

- Que en outubro de 2020 solicitamos que, xunto con outras medidas de protección da saúde do persoal e da cidadanía, se ampliase o teletraballo, medidas que demandamos tamén nos Comités de Seguridade e Saúde de novembro e decembro

- Que dende as medidas de retorno adoptadas en setembro, a Corporación non aplicou ningunha nova medida a pesar do agravamento da crise sanitaria

Polo que, SOLICITA

- **Que se estableza o teletraballo total para todo o persoal que non desenvolva tarefas esenciais, e especialmente ás persoas vulnerables e ás que teñan dependentes ao seu cargo, ata que descenda considerablemente a gravidade da situación da pandemia**, tal e como xa solicitamos na mesa de negociación desenvolvida o pasado 9 de novembro.

- **Que se manteñan portas e xanelas abertas o tempo necesario para asegurar que ningunha estancia da Deputación, en calquera dos seus espazos, se achegue baixo ningunha circunstancia aos niveis fixados como alarma**. Cando non sexa suficiente mediante ventilación natural, complementarase cos sistemas de filtración adecuados. Especial protección merecen as oficinas de atención á cidadanía xa que a entrada constante de persoas alleas á Deputación ás que hai que atender verbalmente durante un prolongado espazo de tempo convérteas en espazos especialmente vulnerables á propagación da pandemia.

-**Que se entreguen máscaras FPP2 ao persoal** que teña que desenvolver o seu traballo en presencial en número suficiente para protexer a súa saúde e preservar a súa seguridade durante a súa xornada laboral.

A Coruña, 14 de xaneiro de 2021

César Santiso
Portavoz de CCOO na Deputación

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
DEPUTADO PRESIDENTE DA COMISIÓN DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR
XEFATURA DE SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS